

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 21 DE DICIEMBRE
DE 2016 POLA QUE SE CONCEDEN AXUDAS
COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE OURENSE A BOLSEIROS/AS
ERASMUS DO CURSO 16-17 DO CAMPUS DE
OURENSE**

A Universidade de Vigo participa no programa Erasmus+. Trala sinatura do convenio de subvención entre a Universidade de Vigo e o *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), co novo programa Erasmus+, a Universidade de Vigo pode financiar ata un máximo de 7 meses de estada por estudante e curso

A Universidade de Vigo asinou coa Deputación Provincial de Ourense con data 11 de outubro de 2016 un convenio de colaboración cun programa de apoio á mobilidade estudiantil para o alumnado do campus de Ourense integrantes no programa Erasmus.

En virtude deste convenio, para o ano 2016, desde a Vicerreitoría do Campus de Ourense confirmouse a contía que se destinará a conceder bolsas complementarias aos/ás bolseiros/as Erasmus do curso 2016-17 matriculados/as en centros do campus de Ourense, un total de 14.000 euros.

Con esta dotación de 14.000 euros, esta Reitoría

RESOLVE:

Conceder bolsas complementarias de 233,33 € por estudante aos bolseiros/as Erasmus do campus de Ourense que se relacionan no anexo I.

Estas axuda aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2016ORI1121DORI492

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 21 de decembro de 2016

A secretaria do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais
Carmen Luisa Pereira Castro